

Aprovecha los 3 días de *Black Friday*
para conseguir el móvil que más te guste.
¡Y al mejor precio!



movistar

Ahorra hasta
198€

Este sitio web utiliza cookies, tanto propias como de terceros, para recopilar información estadística sobre a su navegación e amosarle publicidade relacionada coas súas preferencias, xerada a partir das súas pautas de navegación. Se continua navegando, consideramos que acepta o seu uso. [Más información](#)

Aceptar

Hemeroteca web | RSS
Xoves 26.11.2015 | Actualizado 20.35

elCorreogallego.es

Radio Obradoiro Correo tv anova

Google™ Búsqueda personalizada buscar

GaliciaHoxe.com buscar... buscar

GaliciaHoxe.com

Portada Galicia

Galicia | RSS

Noticia 1 de 1

1.0/5

Comentar (0)

0

Iniciar sesión

Iniciar sesión

Twitear

Imprimir

Enviar por correo

Psicólogos piden poñer o foco nos fillos das mulleres maltratadas e reclaman medidas de protección para eles

Noticias relacionadas

- 3.760 menores teñen expediente de protección, 1.464 baixo tutela pública e 405 con medida xudicial
- A Delegación do Goberno recorda que a denuncia é fundamental na loita contra a violencia de xénero
- A Valedora do pobo pide respeito e insiste en que "as mulleres non son obxectos"
- O BNG pide máis medios e prevención para combater o "terrorismo machista"
- O PSdeG ve a violencia de xénero "unha cuestión de Estado"
- Plan formativo en materia de violencia machista para o persoal público de Galicia
- Universidade e Xunta atacan a violencia machista e fan un selfie 'contra o mal amor'


SANTIAGO. EP | 25.11.2015 A- A+

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia instou a Administración, asociacións e sociedade a non descoidar e "poñer o foco" na atención ao ámbito das mulleres vítimas de violencia de xénero, especialmente aos seus fillos, para que poidan crecer "lonxe do abuso".

Nun manifesto lido este mércores con motivo do Día Internacional da Loita contra a Violencia de Xénero, o Colexio Oficial de Psicoloxía manifestou o seu "total rexeitamento a calquera forma de violencia física, psicolóxica ou sexual exercida contra a muller" e trasladou o seu apoio ás familias das vítimas.

Neste sentido, recordou que este ano se recoñeceu por primeira vez aos fillos de mulleres que sufren violencia de xénero o estatus de víctimas, un paso que "debe traducirse en medidas de protección con urxencia".

Os psicólogos galegos reclaman que se "poña o foco" no ámbito



Nuevo Multivan.

original

Máis visto

A gran maioría dos colexios das cidades galegas danlle as costas ao galego

Nin reformas nin debates

Uns 2.000 traballadores de Navantia maniféstanse en Ferrol para demandar de novo carga de traballo

O comité de ética cre que Baltar non deu respostas satisfactorias e di que nin admite nin nega os feitos

+ noticias

da muller maltratada, especialmente no caso dos seus fillos menores pola súa "vulnerabilidade", co obxectivo de que poidan crecer "sen ver perigar as súas vidas". "Non son danos colaterais", apunta o Colexio Oficial, que os vai como vítimas directas do "terrorismo machista que busca manter a dominación, a submisión e o control da muller".

MENORES ASASINADOS E ORFOS

En 2015, recordaron dende o órgano colexial, oito menores foron asasinados en casos de violencia machista, a falta de confirmación doutros cinco casos que se atopan en investigación. Estes, á súa vez, súmanse aos 44 menores orfos, que "perderon as súas nais a mans", en moitos casos, dos seus propios pais".

"As secuelas de crecer nun contexto de exposición á violencia de xénero son profundas e están contrastadas", indican dende o Colexio de Psicoloxía, que nomean cuestións como a ansiedade, a depresión, os trastornos alimentarios, o estrés postraumático ou a predisposición a sufrir e exercer violencia na adolescencia e idade adulta.

Por outra banda, o Colexio sinalou que a superación real da violencia machista pasa "ineludiblemente" por "atallar a desigualdade histórica entre homes e mulleres". "Mentres non se aborde cun compromiso real, seguiremos con medidas parciais e ineficaces que non conducirán á fin desta terrible lacra", recolle o manifesto, que pide medidas preventivas e de intervención psicolóxica dende as "idades máis temperás".

Escribe o teu comentario

Para escribir comentarios ás noticias, debes ser usuario rexistrado. De non
selo [rexístrate agora](#)

Alias

Chave

Título

Comentario

1000 Caracteres disponibles



www.galiciahoxe.com eliminará os comentarios considerados ofensivos ou que vulneren a legalidade.

[Portada](#) [Galicia](#)



Ante calquera dúbida, problema ou comentario nas páginas de Galicia Hoxe envie un e-mail a info@galicia-hoxe.com.
Titularidade e política de privacidade. Política de Cookies

© 2015 www.galiciahoxe.com
Todos os dereitos reservados. Prohibida a reproducción total ou parcial do contido sen a expresa autorización do propietario.

Auditado por
 www1

